

ENERXÍA EÓLICA PARA A SUSTENTABILIDADE

A REVOLUCIÓN EÓLICA GALEGA

Galicia foi pioneira na revolución eólica que de seguro terá lugar en todo o mundo nos próximas décadas. Mais, cal foi o balanço ambiental desa revolución?

Galicia: unha potencia eólica mundial

En 1999, a potencia eólica galega instalada era de 438 MW. Hoxe, con **2.603 MW¹**, Galicia ocupa o primeiro lugar en potencia eólica instalada entre as comunidades autónomas españolas e o sexto lugar entre os países de todo o mundo, onde só 13 estados superan os 1.000 MW. **Se considerarmos a intensidade de instalación de enerxía eólica, Galicia é líder a nivel español e mundial, con 88 kW/Km²**. Ningún estado no mundo supera a Galicia, nin tan sequera Dinamarca!.

Galicia viviu desde finais dos anos 90 unha auténtica revolución eólica, colocándose na vangarda do desenvolvemento da enerxía eólica a nivel mundial. A chegada enerxética da eólica en Galicia debe seguir medrando, mais non podemos pretender que a nosa terra continúe a ser, en termos absolutos, unha potencia eólica mundial durante moitos anos máis, pois iso só podería acontecer como resultado dunha ocupación brutal do noso territorio e dun lento crecemento da enerxía eólica no resto do mundo. Teñamos en conta que, por exemplo, a nosa potencia eólica é agora lixeiramente superior á dun estado tan extenso e con tanto potencial como China.

O obxectivo da Xunta é que no ano 2012 existan 6.500 MW autorizados en Galicia. A potencia total actual autorizada e admitida a trámite é de 4.172 MW. A Consellería de Innovación e Industria propón admitir a trámite 2.330 MW até 2010, sen contar os 511 xa admitidos no mes de febreiro pasado. Hoxe non parece garantido que este obxectivo se poida atinxir cun impacto ambiental aceptable.

A enerxía eólica está a substituír a enerxía sucia?

Desde 1999 até 2005, mentres a produción eólica galega anual aumentaba de 719 a 5.582 GWh, a das centrais térmicas galegas que queiman carbón (As Pontes e Meirama) e fuel (Sabón) pasaba de 14.415 a 13.945 GWh. Xa que logo, o crecemento espectacular da produción eólica non conlevou até agora a redución da xeración

¹ Todos os datos refírense ao 1 de xaneiro de 2007.

eléctrica a partir de combustibles fósiles en Galicia. Por que?.

Evolución da produción eléctrica dos parques eólicos e das centrais térmicas en Galicia (1999-2005) (en GWh)

	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Produción eólica	719	1.318	1.844	2.675	3.554	4.195	5.582
Produción centrais térmicas	14.415	14.918	15.187	16.491	14.752	15.877	13.945

Fonte: Red Eléctrica de España (<http://www.ree.es>)

A electricidade producida polos parques eólicos sempre entra na rede eléctrica, polo que substitúe á electricidade de orixe sucia. Cantos máis parques eólicos haxa e máis funcionen, menos electricidade terán que producir as térmicas. Porén, debido ao espectacular aumento da demanda eléctrica rexistrado en Galicia e no conxunto da Península Ibérica² nos últimos anos, o medre da enerxía eólica non foi suficiente para que diminuíse a produción eléctrica sucia na nosa terra.

A despreocupación polo aforro e a eficiencia, unida á cativa promoción doutras enerxías renovables como a solar, fai que a contribución da eólica á sustentabilidade enerxética, se deixar de ser importante, sexa ben menor da que podería ser. A eólica supón o 22% da xeración eléctrica neta galega (2005). Se consideramos a enerxía primaria, o vento achegou o 2,8% (2004).


Necesaria para loitar contra o cambio climático, mais insuficiente

O desenvolvemento da enerxía eólica foi até hoxe a única contribución importante de Galicia á loita contra o cambio climático. Mais mesmo a pesar da revolución eólica, ao termos virado as costas ao problema do cambio climático e crecemos economicamente á custa de enormes custos ambientais, **as emisións de gases que contribúen ao cambio climático medraron o 30% entre 1990 e 2004 en Galicia,** moito máis que na maioría dos países industrializados e menos que no conxunto de España, o estado europeo máis afastado do cumprimento do Protocolo de Quioto. Isto demostra que, para loitar contra o cambio climático non só é preciso desenvolver a enerxía eólica e outras renovables. Cómpre tamén promover o aforro e a eficiencia enerxética (no transporte, na industria, nos fogares,...) e desincentivar fortemente a produción de electricidade sucia, especialmente a partir de carbón, por

² Segundo Red Eléctrica de España (ver mapa do saldo de intercambios de electricidade entre Comunidades Autónomas do informe "El sector eléctrico español 2005"), Galicia exportou 6.519 GWh a Portugal e importou 464 do resto de España en 2005, cantidade superior á producida polos parques eólicos. España, cun aumento de case o 20 %, xunto con Portugal, foron os estados que rexistraron maior aumento da demanda eléctrica entre 2001 e 2005 entre os 15 da UE que fan parte da UCTE.

exemplo restrinxindo moito máis ou eliminando os seus dereitos gratuítos de emisión de dióxido de carbono (CO₂), o principal gas causante do cambio climático, no ámbito do comercio de emisións.

De non ser pola eólica, as cousas terían sido aínda peores. Por exemplo, e segundo o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), os parques eólicos galegos evitaron a emisión á atmosfera de 2.990.655 toneladas de CO₂ en 2004. Este aforro equivale ao 62% das emisións de CO₂ no mesmo ano da central térmica de carbón de Meirama, unha das máis contaminantes do Estado español.



Emisións de CO₂ evitadas polos parques eólicos galegos no período 2000-2004 e emisións en 2004 da central térmica de carbón Meirama (en toneladas). Fontes: INEGA e Declaración ambiental de Unión Fenosa.

Parques eólicos contra espazos naturais

A comunidade científica está a alertarnos dos terribles efectos ambientais, sociais e económicos que tería un cambio climático catastrófico que aínda estamos a tempo de evitar. En particular, o cambio climático podería ser desastroso para a biodiversidade na Península Ibérica como, por exemplo, se expón no informe científico "Evaluación preliminar de los efectos en España por efecto del cambio climático"³, encargado polo Ministerio de Medio Ambiente. O mesmo informe tamén advirte das consecuencias negativas para a natureza que poden ter algunhas accións necesarias para prevenir o cambio climático, se non se implementan de forma adecuada. Así, e a respecto dos

³http://www.mma.es/portal/secciones/cambio_climatico/documentacion_cc/divulgacion/pdf/conclusiones_impactos.pdf

parques eólicos e as súas infraestruturas anexas, o devandito informe indica que “poden contribuír tanto á fragmentación de poboacións como á mortalidade de aves durante o paso migratorio, alén de provocaren graves alteracións e danos no medio circundante, como consecuencia das obras realizadas”. Polo tanto, é desaconsellable a construción de parques eólicos –que conlevan a apertura de pistas e a instalación de tendidos eléctricos- en zonas de alto valor ecolóxico.

O anterior Goberno autonómico do PP ordenou a instalación de parques eólicos sen establecer a penas restricións ambientais, colocando os intereses empresariais privados por riba da defensa do noso mellor patrimonio natural. Ignorou totalmente as propostas das asociacións ecoloxistas para un correcto desenvolvemento eólico: por exemplo, en 1997, o ano no que despegou a eólica no noso país, a Federación Ecoloxista Galega (FEG) pediu sen éxito a modificación do Plano Eólico para que excluísese os espazos de maior interese natural.

Os procedementos de avaliación ambiental dos parques eólicos foron absolutamente devaluados como instrumentos para a prevención de impactos ambientais. Proba diso é que **a Xunta tan só emitiu unha declaración ambiental desfavorable dun total de 137 expedientes de avaliación ambiental de parques eólicos tramitados desde 1996**⁴. Por moi inaceptable que fose o emprazamento dun parque eólico desde o punto de vista ambiental, a Xunta garantiu practicamente sempre o visto e prace ambiental.

50 dos parques eólicos construídos ou en construción afectan en maior ou menor grao a zonas da rede europea de espazos protexidos Natura 2000. 27 deles sitúanse na serra do Xistral, un dos nosos espazos naturais máis valiosos, que ficou moi gravemente deteriorada pola construción de parques eólicos. En total, **foron afectados 15 dos 59 espazos que integran a Rede Natura 2000 en Galicia**, por entre 1 e 3 parques (agás no caso do Xistral)⁵. Alén das zonas Natura 2000, outras áreas de alto valor ecolóxico tamén resultaron prexudicadas, como por exemplo a serra do Suído.

En definitiva, o desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia produciuse até hoxe de tal forma que pouco contribuíu á sustentabilidade ambiental, social e económica do país. Ademais, ten sido unha causa importate de deterioración dalgúns dos nosos mellores espazos naturais. Isto non tería acontecido se se tivese planificado ben a instalación de parques eólicos, se a promoción da enerxía eólica se enmarcase en políticas enerxéticas ecoloxicamente sustentables e se unha maior parte dos beneficios do aproveitamento do vento tivese

⁴ Segundo o informe “Panorama da enerxía eólica en Galicia” da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de maio de 2006.

⁵ Estes datos proceden do informe da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible citado máis arriba e dunha noticia publicada na edición de Galicia do xornal “El País” do 8 de decembro de 2006. Os espazos afectados son Ancares-Courel, Brañas de Xestoso, Carnota-Monte Pindo, Costa Ártabra, Costa da Morte, Estaca de Bares, Fragas do Eume, Monte Faro, Monte Maior, Ortigueira-Mera, Serra do Candán, Serra do Cando, Serra do Careón, Serra do Xistral e Xubia-Castro.

ido a parar aos propietarios dos terreos onde se instalan os parques, ás comunidades locais e aos poderes públicos.

PROPOSTAS PARA UN NOVO MODELO EÓLICO

Ao se tratar dunha fonte limpa e renovable, o crecemento da enerxía eólica en Galicia e no mundo é necesario para avanzar cara a sustentabilidade, polo que **Verdegaia apoia inequivocamente o seu desenvolvemento no noso país. Ao mesmo tempo, demandamos que se corrixan os erros e deficiencias que marcaron o desenvolvemento da enerxía eólica na nosa terra até hoxe** (planificación inadecuada e afeccións inaceptables á biodiversidade e á paisaxe, especulación e corrupción, beneficios socioeconómicos reducidos para as poboacións locais,...). **Rexeitamos tanto a construción de novos parques eólicos que produzan impactos graves sobre o medio natural como a non construción de novos parques eólicos que non produzan impactos significativos, pois iso en si mesmo constitúe unha agresión contra o medio**, polo nivel de emisións de CO₂ e outros contaminantes que evitarían que se producise, alén de perder unha oportunidade socioeconómica sustentable. Non debemos esquecer que hoxe aproximadamente a metade da electricidade xerada en Galicia procede do carbón, o combustible máis contaminante e que máis contribúe ao cambio climático, e que tan só o 11% da enerxía primaria procede de fontes renovables.

Para que Galicia continúe a impulsar a enerxía eólica terrestre⁶, mais de forma compatible coa natureza e como parte dunha política enerxética sustentable, Verdegaia salienta 4 propostas fundamentais.

1) Impulsar unha política enerxética ecoloxicamente sustentable

Demandamos, a nivel autonómico e estatal, **unha nova política enerxética que promova intensamente o aforro e a eficiencia, sexa máis ambiciosa á hora de impulsar todas as enerxías renovables e desincentive fortemente a produción eléctrica sucia en centrais térmicas⁷. Nin a política enerxética do Goberno central nin a do autonómico responden hoxe a estes criterios.** Nelas segue a predominar unha visión produtivista.

⁶ Tamén é preciso promover o aproveitamento da eólica mariña en Galicia, sen repetir os erros ambientais do desenvolvemento da eólica terrestre, evitando áreas de alto valor ecolóxico ou de importancia pesqueira, e aproveitando os parques como reservas mariñas.

⁷ A produción de electricidade con carbón non só non se desincentiva suficientemente a través de mecanismos como o comercio de emisións ou os impostos, senón que mesmo se promove con cuantiosas axudas públicas. O Goberno central está a preparar o decreto que fixa a cantidade a percibir polas empresas eléctricas que queimaron en 17 centrais térmicas carbón español no período 1999-2006. A prima total sería de case 2.000 millóns de euros.

A Estratexia Enerxos (2006-2009) da Consellería de Innovación e Industria considera aceptable unha taxa de crecemento da demanda enerxética do 2,3%, acorde co escaso esforzo que fai por impulsar o aforro e a eficiencia. Os fondos públicos previstos para o apoio ao aforro e a eficiencia suman só 64 millóns de euros en 4 anos.

Especialmente grave é o apoio das Consellerías de Medio Ambiente e de Innovación e Industria ás centrais térmicas de carbón. A Xunta non fai nada para desincentivar a produción de electricidade nas térmicas galegas de carbón de ENDESA e UNIÓN FENOSA, responsables do 42% das emisións de gases causantes do cambio climático da nosa terra en 2004. Durante o proceso de consulta ás Comunidades Autónomas do Plano Nacional de Asignación de Dereitos de Emisión de CO₂ 2008-2012, a Xunta non moveu un dedo para que se penalizase fortemente a queima de carbón, o combustible máis contaminante⁸. Ademais, a Consellería de Economía non prevé reformar o imposto autonómico sobre contaminación atmosférica para desincentivar a produción sucia de electricidade. **O obxectivo da loita contra o cambio climático, que tanto se repite cando se trata de impulsar a eólica, esquécese subitamente desde a Xunta cando se trata de penalizar a produción de electricidade con carbón, a pesar de que sería así como se conseguirían maiores e máis rápidas reducións de emisións.** O conselleiro de Industria, Fernando Blanco, mesmo chega a se felicitar pola reforma das centrais térmicas de carbón e a próxima entrada en funcionamento de dúas centrais térmicas máis, de gas natural, pois incrementarase a produción de electricidade sucia en 14.500 GWh/ano, cunha redución das emisións de CO₂ dun 7%, moi inferior á que se lle debe esixir ao sector eléctrico presente en Galicia.

2) Establecer zonas de exclusión e mellorar a avaliación ambiental

Propomos que as Consellerías de Innovación e Industria e de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible definan, sen excluír a participación de asociacións ecoloxistas e de expertos en biodiversidade, unha completa relación de zonas de interese ambiental e paisaxístico incompatibles coa instalación de parques eólicos. Isto é algo que xa fixeron hai xa tempo outras comunidades autónomas, coma Castela-A Mancha (en 1999), Navarra (1996) ou a veciña Asturias (1999), e máis recentemente outras como Cataluña (2002) ou Extremadura (2005). **Mentres non se determinen estas zonas** cartograficamente, a escala adecuada, **demandamos unha moratoria eólica.** Non sería a primeira vez que unha comunidade autónoma adopta unha suspensión temporal na tramitación de solicitudes de instalación de novos parques eólicos ou na aprobación de novos planos eólicos estratéxicos (xa o fixeron Navarra, Asturias, Aragón,...).

⁸ Esta pasividade contrasta coa oposición do Goberno autonómico a outras accións previstas polo Goberno central en materia enerxética que se poden considerar correctas desde unha óptica sustentable, como a suba tarifas, hoxe moi reducidas, das empresas que consumen grandes cantidades de electricidade (e que explica que o 57% do consumo eléctrico industrial en 2004 fose debido á industria, porcentaxe moi superior á da maioría dos países da UE), ou primar que as centrais eléctricas se instalen máis perto das zonas de consumo.

Zonas onde se prohíbe instalar parques eólicos en Asturias e en Navarra

Asturias (Decreto 13/99)	Navarra (Decreto Foral 125/96)
Zonas de interese arqueolóxico Zonas de interese faunístico Zonas de espazos protexidos Solo non urbanizable de Costas Zonas de interese forestal	En solos categorizados como espazos naturais (agás nos Parques Naturais, onde depende dos correspondentes PORN) Zonas de protección do Camiño de Santiago ZEPAs, Áreas de Protección da Fauna Silvestre Outras

As zonas de exclusión non deben incluír só os espazos que forman parte da Rede Natura 2000, que en Galicia só supoñen hoxe o 11% do territorio. Deben abranguer tamén outras áreas, como por exemplo aquelas de maior interese paisaxístico, as áreas que se consideren críticas para especies ameazadas de extinción, independentemente de que estean ou non protexidas, todos os espazos naturais protexidos (parques naturais, monumentos naturais, paisaxes protexidas,...) ou as Áreas Importantes para as Aves (IBAs)⁹.

Ademais de establecer zonas de exclusión, e de facer unha avaliación ambiental estratéxica adecuada do anunciado novo Plano Eólico, **é preciso mellorar sustancialmente os procedementos de avaliación ambiental dos parques eólicos, facéndoos máis rigorosos, esixentes e participativos.**

Consideramos que se deben aplicar un conxunto de condicionantes ambientais nos novos parques que minimicen o seu impacto, como os recollidos na "Proposta de desenvolvemento da enerxía eólica en España. Horizonte 2010-2012" presentada por Ecologistas en Acción¹⁰.

Asemade, propomos que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta faga e divulgue un estudo xeral sobre o impacto ambiental dos parques eólicos en funcionamento. Este estudo debería reunir e valorar a información compilada nos planos de seguemento ambiental de cada parque que as empresas propietarias deben realizar. Proporá medidas de recuperación ambiental, incluíndo se for preciso o desmantelamento total ou parcial de parques eólicos.

3) Optimizar e repotenciar parques existentes e promover microparques

A instalación de novos aeroxeradores en parques en funcionamento, en parte dentro da poligonal do parque, en parte no espazo directamente colindante co parque

⁹ As IBAs son lugares de importancia internacional para a conservación das aves, identificadas por Birdlife Internacional sobre a base de criterios estandarizados e internacionalmente recoñecidos. Información sobre as designadas en Galicia en <http://www.seo.org/ibas.cfm?idComunidad=12>.

¹⁰ <http://www.ecologistasenaccion.org/spip.php?article1038>

eólico, permite o aumento da produción eólica con menor impacto que a través da construción de novos parques. Por outro lado, o repotenciamento, é dicir, **a substitución dos aerogeradores existentes por outros máis modernos**, supón tamén unha redución dos impactos en comparación cun parque novo, e permitiría aproveitar mellor os emprazamentos con maior potencial, que polo xeral corresponden aos parques máis antigos. O tamaño medio dos aerogeradores instalados en España pasou de 428 kW en 1997 a 1.374 kW en 2006. Tanto a optimización como o repotenciamento deberían someterse caso por caso a avaliación ambiental.

Outra vía interesante para o aumento da potencia eólica é **o aproveitamento de zonas moi humanizadas, como portos, e o desenvolvemento de microparques en zonas industriais.**

4) Desenvolver un programa para a eólica de baixa e moi baixa potencia

É preciso seguir construíndo grandes parques eólicos, especialmente pola urxencia de loitarmos contra o cambio climático desde unha posición de partida tan mala como a galega (elevadísima dependencia dos combustibles fósiles, emisións por habitante moi altas de gases de efecto invernadoiro,...). Porén, tamén **é necesario fomentar a instalación de pequenos aerogeradores, especialmente para o autoconsumo, que poden ser de moi baixa potencia (menos de 10 kW) para particulares, ou de de baixa potencia (entre 10 e 100 kW), para pequenas empresas ou comunidades de veciños.**

A enerxía eólica para autoconsumo contribúe a aproveitar máis e cun moi baixo impacto ambiental o potencial eólico, reduce a necesidade de establecer novas liñas eléctricas e promove a implicación cidadá no desenvolvemento da enerxía eólica, polo que as Administracións deberían apoiala. Tamén se debe respaldar a instalación de pequenos aerogeradores conectados á rede, subvencionando parte da instalación e establecendo un prezo de compra para o kWh producido.

A PROPOSTA DE NOVO DECRETO AUTONÓMICO PARA A REGULACIÓN DA ENERXÍA EÓLICA

A Consellería de Innovación e Industria pesentou un borrador de novo decreto polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia. O seu obxectivo é que se continúe a desenvolver a eólica terrestre no noso país, baixo tres parámetros: estimular o crecemento económico, sobre todo nos territorios nos que se implante; que non se ocupen espazos de especial protección ambiental; e que contribúa ao progreso social non unicamente para os promotores dos proxectos senón tamén para o conxunto da cidadanía.

Desde Verdegaia consideramos **que a proposta de novo decreto para a regulación da enerxía eólica en Galicia contén cambios positivos importantes**

na política eólica autonómica que deben ser apoiados, mais tamén deficiencias que deben ser corrixidas.

Aspectos positivos

-Fican excluídas da implantación de parques eólicos as zonas que forman parte da Rede Natura 2000.

Este criterio xa se aplicou na determinación das solicitudes de autorización para a instalación de parques eólicos admitidas a trámite ao abeiro da convocatoria de 2006. Así, após informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, desestimáronse 3 proxectos que afectarían ao futuro espazo da Rede Natura 2000 "Serra do Suído", un que afectaría á prevista modificación da zona "Costa Ártabra" e 7 aerogeradores dun parque afectarían á prevista modificación do espazo "Serra do Careón". Porén, varios dos parques eólicos admitidos a trámite, e sen máis información sobre a súa localización que a que se deriva do seu propio nome e do concello no que se ubicarían, entendemos que poderían ter un impacto inaceptable e que deberían ter sido desestimados (Ampliación de Sil-fase II, Serra do Eixe ou Monte Neme).

-Para optimizar as áreas territorialmente aptas non se admitirán proxectos que contemplan a instalación de aerogeradores de potencia unitaria inferior a 1,8 MW (a potencia media dos instalados en España en 2006 foi de 1,37 MW), requisito que poderá ser actualizado a través dunha orde da Consellería.

-Entre os criterios de valoración que se aplicarán para seleccionar o proxecto en competencia que se considere máis adecuado inclúese o de maior impacto socioeconómico favorable para os concellos afectados e Galicia en conxunto.

-Establécense límites á concentración empresarial e á especulación e fíxase unha porcentaxe mínima de participación pública do capital social dos parques.

Propostas de modificación de Verdegaia

-Limítanse as zonas de exclusión por motivos ambientais ás zonas da Rede Natura 2000, ignorando que existen outras áreas de interese ambiental e paisaxístico nas que tampouco se deberían construír parques eólicos. Propomos que se amplíen as zonas de exclusión tamén a outras áreas como, por exemplo, zonas de especial interese paisaxístico, áreas que se consideren críticas para especies ameazadas de extinción, (independentemente de que estean ou non protexidas), todos os espazos naturais protexidos (parques naturais, monumentos naturais, paisaxes protexidas,...) ou as Áreas Importantes para as Aves (IBAs)¹¹. É preciso que o decreto inclúa unha relación

¹¹ As IBAs son lugares de importancia internacional para a conservación das aves, identificadas por Birdlife Internacional sobre a base de criterios estandarizados e internacionalmente recoñecidos. Información sobre as designadas en Galicia en <http://www.seo.org/ibas.cfm?idComunidad=12>.

completa de zonas de exclusión e que estas se determinen cartograficamente canto antes e, en todo caso, antes de que se autorize ningún novo parque eólico.

-Entre os criterios de valoración que se aplicarán para seleccionar o proxecto en competencia que se considere máis adecuado, establécese a mellor relación entre produción enerxética e afección ambiental. Este criterio debería substituírse por outro que supoña priorización simplemente para os proxectos con menor afección ambiental.

-Unha vez seleccionado o anteprojecto, o seu titular deberá achegar nun prazo máximo de tres meses a documentación precisa para obter a autorización administrativa, incluído o estudo de impacto ambiental da área afectada polo parque eólico. Trátase dun prazo moi reducido para facer e presentar un estudo de impacto ambiental coa calidade desexable.

-Os novos proxectos de parques eólicos someteranse a un período de información pública dun mes. Propomos que se amplíe a dous e que o anuncio e a documentación en formato electrónico se inclúan nas webs das Consellerías de Industria e Innovación e de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Tamén propomos que se obrigue ás empresas promotoras a convocar actos abertos nos concellos afectados para presentar e debater os seus proxectos.

-Elimínase, sen xustificación, a figura de parque eólico singular, de menos de 3 MW de potencia. Os parques eólicos singulares poden contribuír ao autoabastecemento de concellos e empresas e a aumentar a produción eólica cun baixo impacto ambiental.

Abril 2007

Verdegaia
Apartado 49. 15780 Santiago de Compostela (A Coruña)
info@verdegaia.org
www.verdegaia.org